

## TERMINAL DE AUTOBUSES E PASARELA PEONIL DE CONEXIÓN INTEGRADAS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



A terminal de autobuses e a pasarela peonil de conexión integradas na estación intermodal de Santiago de Compostela forman parte da operación promovida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade e **cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**, dentro do obxectivo temático OT4 "Conseguir unha economía máis limpa e sostible".



A actuación consiste, en primeiro lugar na execución dunha nova estación de autobuses en terreos anexos á actual estación de ferrocarril de Santiago de Compostela de maneira que ambas estacións formen unha estación intermodal que integre o transporte público de viaxeiros en autobús co transporte público de viaxeiros en ferrocarril na cidade de Santiago de Compostela.

Inclúe tamén unha pasarela peonil de conexión sobre as vías do tren, que ademais de conectar as estacións de autobuses e de ferrocarril, se integra na trama urbana mellorando a permeabilidade transversal da cidade ao conectar os barrios do Ensanche e de Pontepedriña, separados ata o de agora polas vías do tren. A actuación da pasarela peonil e o seu financiamento forman parte do convenio asinado o 25 de maio de 2018 entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e ADIF AV.

Os obxectivos perseguidos con esta actuación son:

- Mellorar a calidade ambiental ao potenciar o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado e facilitar unha mobilidade urbana sostible
- Incrementar os usuarios do transporte público.

A actuación foi tramitada segundo o disposto na **Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, da Comunidade Autónoma de Galicia**.

#### **Actuacións desenvolvidas no marco desta operación:**

A operación foi iniciada en xuño de 2015 coa contratación dos Estudos previos para a construcción da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.

O obxecto deste estudio era realizar unha avaliación inicial, por unha banda, da situación actual do transporte interurbano e das futuras demandas que xerará a futura estación intermodal.

A partir deste estudio, a Xunta de Galicia, no marco desta operación **cofinanciada nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020** executou os seguintes contratos:

- Contrato de servizo para a redacción dos proxectos básicos e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.
- Contrato de servizo para a redacción do proxecto público de urxencia ou excepcional interese da estación intermodal de Santiago de Compostela.
- Contrato de servizo para a redacción do documento ambiental do proxecto integrado para a nova estación intermodal de Santiago de Compostela.
- Contrato de obra para a ejecución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.
- Contrato de servizo de dirección de obra da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.
- Contrato de servizo de dirección de ejecución de obra e coordinación de seguridade e saúde para a ejecución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.

As obras da terminal de autobuses foron iniciadas en xullo de 2018 e rematadas en xaneiro de 2021.



### **Características técnicas da terminal:**

- 25 dársenas de autobuses
- 10 dársenas de regulación
- Área de aparcamento de autobuses
- Superficie construída : 8.870 m<sup>2</sup>
- Expedicións anuais: 140.000
- Vixeiros anuais: 1.850.000

Ademais, e 15 de xuño de 2016 asinouse o Convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidad, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Santiago de Compostela e a súa contorna urbana, e o 25 de maio de 2018 o Convenio específico entre a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidad, para a execución dunha pasarela peonil urbana sobre a praia de vías da estación de ferrocarril, a fin de conectar a devandita estación coa nova estación de autobuses e mellorar a permeabilidade transversal da cidade conectando los barrios do Ensanche e PontePedriña, no ámbito da futura estación intermodal de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020


En base a este convenio e ao proxecto da Pasarela peonil de conexión, redactado por ADIF, a Xunta de Galicia levou o cabo os seguintes contratos, que forman tamén parte desta operación **cofinaciada nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020** son:

- Contrato de obra para a execución da pasarela peonil da estación de Santiago de Compostela.
- Contrato de servizo de dirección de obra da pasarela peonil da estación de Santiago de Compostela.
- Contrato de servizo de coordinación de seguridade e saúde para a execución da pasarela peonil da estación de Santiago de Compostela.

### **Características técnicas da pasarela peonil**

- 160 m. de lonxitude
- Sección:
  - ancho máximo de 11,57 m
  - altura libre interior de 5,35 m
- Estrutura metálica
- Revestimento deployé
- 7 Pilas de formigón armado
- Cotas niveis accesos:
  - Rúa Hórreo: +225,6 m
  - Praza Clara Campoamor: +213,0 m

As obras da pasarela peonil foron iniciadas en maio de 2019 e rematadas ao mesmo tempo que a terminal de autobuses.



O custo total das actuación está próximo aos **18,6 M€**, dos que a **Xunta de Galicia** achegou **14,4 M€**, dos cales **9,1 M€** proceden dos fondos **FEDER Galicia 14-20**.

**O 22 de maio do 2021 iniciouse a explotación da nova terminal de autobuses.**

O conxunto intermodal completarase coa construcción, por parte de ADIF Alta Velocidad da nova estación de ferrocarril entre a nova pasarela e a marquesiña histórica.

